

# **BASES PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS PARA SEDE DO ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA**



*Regulamento reformado e aprobado por acordo da Asemblea Xeral Ordinaria o 31 de novembro de 2019, substituíndo as bases anteriores.*

*As presentes bases teñen por obxecto orientar e servir de guía ás entidades que presenten proxectos para albergar unha edición do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG). De igual xeito, regulan os procedementos de presentación, criterios de valoración dos proxectos e, finalmente, o funcionamento do Comité Organizador constituído ao efecto.*

*Algúns apartados destas bases fixan contidos mínimos ou normas de obrigado cumprimento, mentres que outros establecen criterios ou obxectivos que se perseguen. Os proxectos axustaranse ao regulado nas bases, malia non restrinxirse a admisión de innovacións e propostas da entidade e vila respectiva.*

*A sección I detalla os obxectivos tanto de Culturmar como do propio EETG no tocante á salvagarda do patrimonio cultural marítimo e fluvial así como as medidas propostas para a difusión e conservación do mesmo. A II fai mención ao proceso de convocatoria. Na III sección establécese como unha guía destinada á presentación dos diferentes proxectos por parte das entidades concorrentes. Na IV sinálanse criterios e procedemento para a elección dun proxecto. A seguir, a sección V detalla o funcionamento do Comité Organizador, para rematar nas seccións VI, VII e VIII onde se pormenorizan os compromisos e a implicación das entidades organizadoras.*

*Ao respecto, sinálanse as principais entidades ou axentes que interveñen na organización e desenvolvemento do EETG, indicando a súa función primordial:*

- **Promotor: Culturmar**
- **Organizadores:** *Culturmar, a entidade ou entidades que asumen o proxecto e o Concello da sede. Correspóndelles a maior parte do labor organizativo e a coordinación do EETG.*
- **Patrocinadores.** *Institucións que fan viábel o EETG en forma de achegas económicas e materiais, sen incidiren apenas no aspecto organizativo. Os principais patrocinadores institucionais (Xunta de Galicia, Deputación, GALP) serán procurados desde Culturmar e o Comité Organizador, de maneira que o proxecto fará un esforzo por achegar outros patrocinadores, fundamentalmente locais e comarcais.*

- **Colaboradores.** *Son os colectivos, entidades públicas e privadas, así como particulares, que achegan a súa colaboración en aspectos concretos e parciais da organización, ou mesmo con pequenas achegas económicas ou materiais. No proxecto, deberá expoñerse con claridade o labor ou papel concreto que asumirán ou desenvolverán os distintos colaboradores, evitando apoios en abstracto que non se substancien nun compromiso organizativo real e concreto.*
- *As outras asociacións pertencentes a Culturmar, agás que sexan copartícipes do proxecto asumindo compromisos organizativos que se han especificar, non figurarán como colaboradores e absteranse de expresar o seu apoio a un proxecto concreto ata a celebración da asemblea de Culturmar na que se decida a sede.*

## SECCIÓN I

### SOBRE O ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA (EETG)

- 1 O EETG configúrase como a Gran Festa da Cultura e do Patrimonio Marítimo e Fluvial de Galicia, de maneira que o protagonismo correspóndelle de xeito principal e prioritario ao patrimonio marítimo e fluvial, nomeadamente ás embarcacións tradicionais.

O EETG é tamén desde as orixes unha xuntanza internacional á que concorren entidades doutros territorios e culturas coas que Culturmar mantén estreitos vencellos culturais e de amizade arredor do patrimonio marítimo e fluvial.

A esta presenza galega e foránea as entidades locais que propugnan un proxecto han engadir a exhibición e promoción do patrimonio da vila e bisbarra que acolle o EETG, dándolle carácter e personalidade propia á edición e converténdoa nunha celebración impulsora da sensibilización social a prol da preservación do patrimonio e da dinamización cultural, social e económica local.

As entidades que achegan un proxecto para sede do EETG, ao facéreno como integrantes de Culturmar e dentro do sistema de quendas establecido pola itinerancia, asumen o compromiso de se responsabilizaren de boa parte do labor organizativo desa edición do EETG e de poñérense ao servizo do conxunto de Culturmar.

- 2 **Obxectivos do EETG.** Culturmar fixa os seguintes obxectivos:
  - 2.1 Divulgar, conservar e reivindicar a cultura e o patrimonio marítimo e fluvial galego.
  - 2.2 Salientar o traballo das asociacións e entidades galegas a prol das embarcacións tradicionais.
  - 2.3 Fomentar o uso social e a dinamización do patrimonio marítimo e fluvial.

- 2.4 Poñer en valor o patrimonio marítimo e fluvial da localidade e da contorna da sede que acolle o EETG, contribuír a potenciar a súa riqueza cultural e natural, e impulsar ou consolidar o asociacionismo local a prol da salvagarda do patrimonio.
- 2.5 Os proxectos presentados, amais de plasmar estes obxectivos xerais a nivel local e comarcal, poderán engadir outros complementarios.
- 3 **Temporalidade.** O EETG celebrarase cada dous anos (bienal). Considérase a primeira edición a do ano 1993, polo que as posteriores estarán enumeradas correlativamente a esta data.
- 4 **Carácter itinerante.** Culturmar elixiu o carácter itinerante do EETG como sistema máis acaído para difundir e fomentar a cultura marítima e fluvial pola costa galega e para impulsar por todo o territorio a preservación do patrimonio. De por parte, conforme os obxectivos sinalados, supón unha actividade de dinamización dos valores patrimoniais, culturais e naturais da comarca que acolle o EETG, así como de impulso para o asociacionismo local. Ademais, a itinerancia garante o reparto do traballo e da responsabilidade organizativa do EETG entre as distintas asociacións federadas.
- Este carácter itinerante prioriza a localización do EETG en localidades e zonas nas que nunca se ten celebrado, pero non impide que unha edición poida recaer nunha sede onde xa se realizara anteriormente outra. Neste caso, considerarase que se respecta a itinerancia cando a repetición de sede sobarda tres edicións entre a celebrada e a do proxecto (oito anos) e unha edición (catro anos) na mesma bisbarra. Aínda así, non se exclúen prazos menores entre unha e outra edición nunha mesma sede no caso de non concorreren outros proxectos.
- 5 Excepcionalmente, no caso de considerarse estratéxico no camiño da consecución dos obxectivos que o EETG persegue, a Xunta Directiva de Culturmar ou calquera das asociacións que a integran, antes de se abrir a convocatoria de proxectos para sede, poderán propoñerlle á Asemblea unha sede determinada.

- 6 **Participantes no EETG.** O EETG é a gran cita para todas as entidades asociadas a Culturmar, tanto no que atingue a embarcacións e tripulacións como respecto a outras actividades que desenvolven no eido patrimonial, polo que han considerarse convocadas no mesmo momento en que Culturmar anuncia a sede elixida, sen prexuízo de poderen logo recibir invitación por parte da organización. Ao EETG tamén son invitadas outras entidades e particulares que por diversas razóns se considere oportuna a súa presenza. E, dado o seu carácter internacional, tamén participan entidades e institucións representativas da cultura marítima e fluvial doutros territorios.
- 7 **Voluntariado e implicación cidadá.** Voluntariado e implicación cidadá son atributos inherentes ao labor de Culturmar e fan en gran medida posible a realización do EETG. Voluntario e altruísta é o compromiso a prol da preservación do patrimonio, nomeadamente das embarcacións, que desenvolven decote os colectivos de Culturmar, así como desinteresada é a súa participación no EETG. Voluntario é o traballo organizativo das entidades locais e dos colaboradores na organización e desenvolvemento dunha edición do EETG. Consonte este proceder, a organización ha procurar tamén a implicación de persoas, entidades, gremios e empresas (comercio, hostalaría...) e da veciñanza en xeral a través da vestimenta, da ornamentación acaída de prazas, rúas, escaparates, elaboración e presentación especial de produtos etc., a fin de converter nunha senlleira celebración colectiva a festa de exaltación do patrimonio que é o EETG.
- 8 **Lingua.** A lingua galega, consonte o carácter patrimonial do EETG, será o idioma de uso habitual e preferente en todas as manifestacións orais e escritas do mesmo. Dado o carácter internacional do evento e a participación de entidades e tripulacións provenientes doutros territorios e culturas, procurarase puntualmente o uso doutros idiomas a fin de facilitar a participación e acollida deses participantes.
- 9 **Natureza xurídica do EETG e entidade que o convoca.** Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia é unha marca rexistrada propiedade de Culturmar-Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, co número de rexistro 2.934.424 da Oficina Española de Patentes e Marcas do Ministerio de Industria e Comercio.

- 10 Asemade, o EETG é a celebración máis importante e unha das actividades máis salientables de cantas organiza e promove Culturmar. En consecuencia, correspóndelle a Culturmar convocar a celebración do evento coa denominación “Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia”, así como fixar os criterios e os contidos mínimos dos proxectos, valoralos e decidir a sede do EETG. En todo caso, Culturmar reservará para si mesma as actuacións que considere oportunas e poderá establecer particularidades en cada edición do EETG, que se incorporarán ao anuncio de convocatoria.

## SECCIÓN II

### CONVOCATORIA DO ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA (EETG)

- 11 **Anuncio de convocatoria.** Culturmar decidirá en Asemblea Xeral a convocatoria de presentación de proxectos para sede antes do ano anterior ao de celebración dunha edición do EETG. No anuncio da convocatoria determinaranse tamén as posibles particularidades de cada edición.
- 12 **Entidades que poden presentar proxectos para sede do EETG.** Poderán facelo as asociacións ou entidades integradas en Culturmar individualmente, agrupadas con outros colectivos federados ou mesmo incluíndo outras entidades que asuman o carácter e os obxectivos de Culturmar e do propio EETG.
- 13 **Presentación de proxectos para sede do EETG.** Culturmar fixará no anuncio de convocatoria o prazo para a recepción dos proxectos, que en todo caso non deberá superar o mes de abril seguinte ao anuncio. Os proxectos enviaranse a Culturmar por correo ordinario, electrónico ou directamente ao enderezo da sede social.

## SECCIÓN III



## CONTIDOS DOS PROXECTOS

- 14 **Consideracións iniciais.** Malia que o programa xeral do EETG e o contido das distintas áreas os desenvolverá con posterioridade o Comité Organizador, os proxectos deberán achegar ou desenvolver, como mínimo as seguintes cuestións:
- 14.1 **Descrición da sede proposta e dos seus valores patrimoniais.** Farase unha descrición sintética da vila, contorna e porto onde se pretenda celebrar o EETG, salientando os seus valores e activos patrimoniais, tanto naturais como culturais, sobre todo os vinculados á cultura marítima.
- 14.2 **Carácter singular da edición.** Inseridos nos obxectivos xerais que o EETG persegue, sinalaranse o eixo central ou os elementos clave, tanto tradicionais coma innovadores, que servirán de elemento vertebrador dunha parte substancial das actividades e que conferirán personalidade diferenciada á edición.
- 14.3 **Colaboradores.** Relación de colectivos, entidades públicas e privadas, así como particulares, que comprometen a súa implicación consonte o establecido no apartado do limiar dedicado a colaboradores.
- 14.4 **Áreas de actuación.** Aínda que, co fin de axeitalas ás necesidades organizativas, o número de áreas e as súas competencias se determinarán logo no seo do Comité Organizador, o proxecto ha desenvolver coa maior concreción posible as áreas que se expoñen a seguir. Con todo, ao se constituír o Comité Organizador, Culturmar achegará unha guía e un cronograma para cada área como proposta primeira de traballo.
- 14.4.1 **Embarcacións e navegación.** Por conformaren a actividade máis importante do EETG, a súa configuración e concreción serán determinantes, de maneira que se deberán achegar os seguintes contidos mínimos:



- Condicións dignas para acceso, amarres, atraques, fondeos e varadas das embarcacións que permitan a súa exhibición conxunta e compacta coma un museo vivo, e a organización de visitas guiadas ás mesmas; dispoñibilidade de guindastre ou travel.
- Un programa provisional de navegacións e regatas con boa visibilidade desde terra; unha das navegacións será inclusiva.
- Saídas ao mar para visitantes en embarcacións tradicionais e noutras.
- Plans de seguridade, embarcacións e tripulantes voluntarios de apoio, tanto en porto como en navegación.
- Propostas diversas de actividades arredor das embarcacións: desfiles, bautismo de mar de novas embarcacións ...

14.4.2 **Loxística en terra.** Cómpre a máxima concreción nos seguintes apartados que recollen as necesidades básicas para a atención de participantes e visitantes, así como para a instalación ou realización das actividades. Sinalaranse especialmente os medios existentes de uso gratuíto que eviten custos na creación de espazos e na chegada dotacional.

- Acollida de tripulantes e outros participantes: aloxamento gratuíto (baixo cuberta, en acampada e caravanas) coa conseguinte dotación (aseos, estacionamento), conserxería e limpeza das instalacións; manutención: cociña industrial gratuíta e transporte da comida; espazo mariñeiro: carpa mariñeira ou dispoñibilidade dunha instalación que a suplixe, con superficie mínima para atender as necesidades das tripulacións (500 postos como mínimo).

- Espazos de servizo para remolques, coches ou calquera outro vehículo usado polos tripulantes ou delegacións que asistan ao encontro.
- Locais, espazos públicos, escenarios e carpas para acubillar mostras, exposicións, relatorios, recitais, concertos etc. Hase procurar tamén a mínima dispersión dos espazos destinados ás distintas actividades.
- Servizos para os visitantes: espazos para comunicación e información, facilidades de hostalaría (pernoctación e manutención), estacionamentos, así como calquera outro servizo que se considere relevante de cara aos visitantes.

14.4.3 **Comunicación.** Malia ser tamén unha das principais tarefas a desenvolver polo Comité Organizador, valorarase a presentación dun bosquejo da imaxe desa edición (logo e cartaz) e das estratexias comunicativas (prensa, web, redes sociais ...), tendo presente a necesidade de difundir o EETG en tres niveis: comarcal, galego e foráneo.

14.4.4 **Cultural e de lecer.** O proxecto achegará unha proposta de actividades culturais e de lecer, sexan as estreitamente vinculadas co patrimonio marítimo e fluvial, sexan as complementarias de índole máis festiva e de lecer. A programación definitiva destas actividades, que estará condicionada polo financiamento posteriormente acadado, conformarase no Comité Organizador, pero darase conta especialmente daquelas achegas locais e comarcais nos distintos ámbitos: obradoiros, exposicións, artesanía, engalanamento do espazo portuario e vilego, diferentes manifestacións artísticas (música, teatro, cinema, recitais ...), presentación de publicacións, relatorios, animación de rúa, coñecemento do entorno etc. Neste ámbito, coma nos demais, valorarase especialmente a implicación voluntaria e desinteresada de axentes locais e comarcais.

14.4.5 **Voluntariado e implicación cidadá** (véxase artigo 6 das presentes bases). Aínda que Culturmar será a responsable de convocar os distintos colectivos que a integran e outras entidades que traballan na preservación do patrimonio, a entidade local será a responsable de sinalar os colaboradores locais e de procurar o voluntariado acaído para cada unha das tarefas: atención a embarcacións e tripulantes (áreas de pernoctación e manutención, apoio á navegación ...), a visitantes, á dinamización das distintas actividades culturais e de lecer ... Valorarase positivamente a presentación de estratexias para a recadación de voluntariado e dunha primeira listaxe de persoas, individualmente ou integradas nun colectivo (achegando nome, DNI e teléfono) que se comprometan expresamente como voluntarias, así como o deseño dun plan específico para a implicación da veciñanza.

14.4.6 **Orzamentos e financiamento.** A procura de axudas e subvencións da Administración será labor de Culturmar e do Comité Organizador. Secasí, o proxecto amais de reflectir a aportación aprobada pola Concello, achegará outras aportacións económicas ou materiais de empresas ou entidades patrocinadoras ou colaboradoras, e sinalará outras potenciais fontes de financiamento.

15 **Compromisos.** Terán consideración de ineludíbeis os seguintes compromisos:

15.1 **Compromiso de cumprimento das bases.** A entidade ou entidades concorrentes, hanse comprometer explicitamente a respectar as presentes bases, do mesmo xeito que o resto das entidades involucradas no proxecto (Concello, xestor da lámina de auga).

15.2 **Compromiso organizativo e económico do Concello.** Achegarase documentalmente o respaldo do Concello da sede proposta, conforme o que se especifica na sección VIII das presentes bases.

- 15.3 **Compromiso organizativo do xestor e/ou usufrutuário da lámina de auga.** Dito ente (confraría, club, asociación ...) expresará mediante acordo da súa xunta directiva o seu compromiso para realizar as xestións precisas a fin de habilitar o espazo necesario para o amarre, atraque ou fondeo das embarcacións participantes no EETG.

## SECCIÓN IV

### ELECCIÓN DO PROXECTO

- 16 **Criterios de valoración.** Os proxectos para sede do EETG presentados en prazo avaliaranse de acordo cos seguintes criterios:
- 16.1 Calidade do plantexamento loxístico en mar e terra para participantes e visitantes.
  - 16.2 Calidade das actividades propostas a prol da consecución dos obxectivos do EETG.
  - 16.3 Garantía na organización e implicación na mesma de colectivos, asociacións e entidades da comarca.
  - 16.4 Singularidade, concepción e grao de innovación do proxecto.
  - 16.5 Apoios económicos ou materiais.
  - 16.6 Apoio do Concello conforme ao establecido na sección VIII das presentes bases.
- 17 **Decisión da sede do EETG.** A decisión final da sede correspóndelle unicamente á Asemblea Xeral de Culturmar, consonte o seguinte proceso:
- 17.1 Culturmar enviará os proxectos a sede a todos os colectivos federados a fin de que cada unha das asociacións os valore e poida tomar unha decisión.

- 17.2 Entrementres, no tempo comprendido entre o remate do prazo para a recepción dos proxectos e a celebración da Asemblea, a Xunta Directiva de Culturmar encargárase de estudar e valorar os proxectos presentados: avaliará a documentación achegada, visitará as sedes propostas e reunirse cos responsables e colaboradores do proxecto.
- 17.3 Finalmente, a Asemblea Xeral, previa emisión do informe da Xunta Directiva e da exposición dos proxectos a cargo dos responsables, decidirá a sede do EETG.
- 17.4 A escolla da sede entenderase, asemade, como a primeira acción do Encontro e, como tal, fixa no calendario de actividades de Culturmar o evento máis relevante do ano a efectos de coñecemento e posterior planificación das actividades por parte dos colectivos.
- 18 **Anulación.** No caso de forza maior a Xunta Directiva de Culturmar poderá proporlle á súa Asemblea a revogación da sede elixida. De considerar a Xunta Directiva de Culturmar que os criterios seguidos polos axentes locais do Comité Organizador comprometen a viabilidade, ou vaian contra o espírito e obxectivos do EETG, someterá á Asemblea a decisión de mudar de sede ou de anular a celebración desa edición do EETG.

## SECCIÓN V

### COMITÉ ORGANIZADOR

- 19 **Definición.** O Comité Organizador é o órgano colexiado de coordinación, asesoramento e decisión sobre a organización e o desenvolvemento do EETG.
- 20 **Constitución.** Unha vez decidida a sede por parte da Asemblea de Culturmar, constituirase de inmediato.

21 **Composición.** O comité estará integrado por Culturmar, a entidade ou entidades responsables do proxecto, o concello onde se organice o EETG, a entidade que xestiona a lámina de auga destinada ás embarcacións e os colaboradores, entidades ou particulares que asuman labores de relevancia e que Culturmar ou as entidades locais consideren de interese para a organización do EETG.

22 O Comité terá a seguinte estrutura:

22.1 Presidencia, que corresponde ao presidente de Culturmar.

22.2 Dúas vicepresidencias, unha elixida pola entidade ou entidades responsables do proxecto (que exercerá de coordinadora das entidades locais e de enlace permanente con Culturmar) e outra elixida polo Concello (Alcalde ou concelleiro en quen delegue).

22.3 Dous coordinadores por cada área de actuación, un elixido por Culturmar e outro polas entidades locais.

22.4 Un tesoureiro ou tesoureira, nomeado por Culturmar. A tesourería e o control das finanzas, a recepción e xustificación de axudas e subvencións, etc. corresponderalle a Culturmar, responsable económica do EETG.

A tesourería velará pola a execución de gastos, unha vez aprobada a contratación dun servizo, subministración ou mesmo obra polo Comité e verificada a reserva potencial de crédito, conforme as achegas comprometidas para o desenvolvemento do EETG así como observará os criterios de publicidade, transparencia e concorrencia de cada contratación que se decida.

Non se admitirá ningún gasto ou actuación realizado ou comprometido por algún dos membros do Comité que non fose previamente refrendado polo mesmo. De por parte, o propio Comité non aprobará ningún gasto que non conte coa correspondente partida orzamentaria e co asentimento da tesourería.

22.5 Un secretario ou secretaria designado polas entidades locais.

- 22.6 Poderanse convidar ás reunións do Comité entidades ou persoas que pola súa especial relevancia poidan asesorar ao Comité no desenvolvemento das súas funcións.
- 22.7 Na Comisión procurárase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.
- 22.8 O presidente e os vicepresidentes, conxuntamente, serán os portavoces do Comité Organizador e a representación oficial do Encontro.
- 22.9 O Comité Organizador poderá reunirse en Comisión Permanente, integrada por unha parte dos seus membros, entre os que han de estar o presidente e os vicepresidentes, secretario e tesoureiro, e os coordinadores de área requiridos.

## 23 Funcións do Comité Organizador

- 23.1 A contratación de servizos e subministracións.
- 23.2 Desenvolver as distintas áreas: conformar os equipos respectivos e o programa de actividades de cada unha; establecer o plan de traballo e o cronograma a partir da guía inicial que achegará a Xunta Directiva de Culturmar e das propostas do proxecto; crear calquera outra área que se considere precisa ou conveniente para o mellor resultado da organización e realización do EETG.
- 23.3 Solicitar todos os permisos e autorizacións: Concello, Portos de Galicia (lámina de auga e ocupación de espazos en terra), Autoridade Marítima, Autoridade Portuaria, propietarios de instalacións, espazos ou dotacións necesarios para a loxística ...
- 23.4 Coordinar a elaboración dos plans de seguridade así como as embarcacións e tripulantes voluntarios de apoio tanto en porto como en navegación.
- 23.5 Establecer o equilibrio orzamentario e a asignación económica.

## 24 **Funcionamento.**

- 24.1 O Comité Organizador poderá reunirse en Pleno ou en Comisión Permanente empregando medios electrónicos para a súa constitución e adopción de acordos. A convocatoria e aprobación das actas poderá igualmente efectuarse por medios electrónicos.
- 24.2 Os acordos adoptaranse por consenso. Todas as decisións sobre o desenvolvemento no Encontro han de ser coñecidas e acordadas nas reunións do Comité Organizador, que previamente serán convocadas polo secretario ou secretaria, a instancia da presidencia, das entidades locais ou da maioría dos seus membros.
- 25 **Disolución.** O Comité Organizador disolverase unha vez efectuados todos os pagamentos e aprobado o balanço do EETG.

## SECCIÓN VI

### CULTURMAR NA ORGANIZACIÓN DO EETG

- 26 **Presenza de Culturmar-FGCMF:** Culturmar, como promotor e posuidor da marca Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, participará como axente principal en todas as decisións e labores organizativos do EETG, e sinaladamente nas seguintes actuacións:
- 26.1 Embarcacións e navegación: convoca a todas as entidades asociadas a Culturmar para asistir ao EETG; tamén ás delegacións de fóra de Galicia, sen prexuízo de que algunhas destas últimas reciban invitación conxunta asinada tamén polo Comité Organizador, a proposta de calquera dos integrantes ou mesmo doutra administración.
- 26.2 Exposicións sobre Patrimonio Marítimo e Fluvial: Culturmar, as asociacións que a integran e as delegacións invitadas terán prioridade de exhibición nos espazos que se designen ao efecto para albergar mostras sobre calquera aspecto relacionado co patrimonio marítimo e fluvial.



- 26.3 Publicación da revista *Nova Ardentía*: Culturmar editará, coincidindo coa celebración do EETG, un número da revista; a súa presentación, difusión e gastos de edición estarán integrados nas actividades e no orzamento xeral do EETG.
- 26.4 Culturmar, amais de ser axente principal do Comité Organizador e de formar parte de cada unha das áreas, achegará a súa experiencia en edicións anteriores e procurará unha actuación única por parte de todos os compoñentes. Ao se conformar o Comité Organizador, achegará unha guía e un cronograma para cada área.
- 26.5 Culturmar elaborará os dosieres e demais documentación necesaria de presentación do Encontro ante os potenciais patrocinadores públicos e privados; do mesmo xeito, unha vez rematado o Encontro, será responsable da elaboración da memoria do mesmo.
- 26.6 Publicidade e comunicación: Culturmar formará parte de calquera rolda de prensa ou acto público de difusión do Encontro, independentemente de quen o organice. O nome e o anagrama de Culturmar, xunto cos das outras entidades organizadoras, figurará en todas as publicacións ou material de difusión e publicidade que se edite, así como nos comunicados aos medios de comunicación que se realicen co gallo do Encontro.

## SECCIÓN VII

### A ENTIDADE LOCAL NA ORGANIZACIÓN DO EETG

- 27 A asociación local que liderou o proxecto, achega a súa experiencia local nos coñecementos de navegación, espazos e asociacións da contorna. Serán, xa que logo, responsábeis das seguintes actuacións:
- 27.1 Mediar cos responsábeis xestores da lámina de auga así como co resto das entidades usufrutuaras da mesma a fin de acadar o uso e a axeitada adecuación da mesma aos requirimentos do EETG para a correcta exhibición das embarcacións participantes.

- 27.2 Favorecer a participación e a implicación cidadá para o mellor desenvolvemento do EETG e mellorar a concienciación social de cara á salvagarda do patrimonio marítimo e fluvial.
- 27.3 Facilitar os medios técnicos e humanos necesarios para recepcionar as embarcacións e tripulantes.
- 27.4 Integrar as asociacións da contorna relacionadas co patrimonio natural e cultural, así como entidades veciñais de distinta natureza, co propósito de realizar actuacións que permitan dar continuidade e complementariedade ás accións que se desenvolvan de xeito directo por parte do Comité Organizador.

## **SECCIÓN VIII**

### **O CONCELLO NA ORGANIZACIÓN DO EETG**

- 28 Un dos obxectivos fundamentais do EETG é a salvagarda, fomento, uso social e dinamización do patrimonio marítimo e fluvial da localidade e da contorna da sede que o acolle, así como contribuír a potenciar a súa riqueza cultural e natural.

Por outra parte, ao celebrarse en espazos públicos, quer de xurisdición do propio Concello, quer doutras administracións (Costas, Portos de Galicia ou do Estado), a implicación da Administración local resulta imprescindible.

- 29 Polo tanto, para que un proxecto sexa admitido ha de achegar documentalmentemente o acordo unánime do Pleno da Corporación comprometendo a colaboración do Concello co EETG, que incluírá:

- 29.1 A aceptación das presentes bases.

- 29.2 A integración do Goberno Municipal no Comité Organizador do EETG

- 29.3 A aportación dunha achega económica mínima, co compromiso de que ha figurar no orzamento municipal correspondente ao ano de celebración do EETG. Preferentemente esa achega económica destinarase á atención do voluntariado, á acollida das tripulacións e a gastos de xestión e organización derivados da organización do EETG.
- 29.4 O compromiso de colaboración activa na procura de axudas e subvencións doutras administracións, entidades ou empresas.
- 29.5 O compromiso de poñer ao servizo do EETG elementos de loxística, dotacionais e humanos necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades. Valorarase a máxima concreción destes elementos, así coma a achega de actividades acaídas ao evento.

Neste sentido, consonte a experiencia das edicións pasadas, sinalamos algúns elementos imprescindibles no EETG dos que o Concello puidese dispoñer: oferta de aloxamento gratuíto para tripulantes e outros participantes (pavillón, zona de acampada, estacionamentos); espazos e edificios públicos para o desenvolvemento de actividades (exposicións, obradoiros, relatorios ...); elementos dotacionais diversos (palco, megafonías, colectores de lixo e sanitarios ...); persoal municipal (de administración, obras, policía, protección civil); achega dalgunhas actividades (culturais en xeral, agrupacións musicais, visitas guiadas ...).

- 29.6 O compromiso para a elaboración e tramitación de todos os permisos e plans de emerxencias que conforme ao requirido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade, no seu capítulo III así como na lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia sexan necesarios para o normal desenvolvemento do EETG.